

Eugenia Fernández Fernández (IES As Barxas) e Amalia Pérez Otero (IES San Paio):

A combinación de códigos na escrita: texto e imaxe. Experiencias de traballo.

M. Eugenia Fernández é profesora de Lingua e Literatura no IES As Barxas, de Moaña, e relatora en aspectos relacionados coa competencia lingüística e lectora, e tamén noutros aspectos como a relación entre esta competencia e a convivencia ou as emocións. Titora en PLATEGA do curso *Lectura e comprensión. Formación de lectores competentes.*

Amalia Pérez Otero, profesora de Pedagogía Terapéutica no IES San Paio de Tui, ten impartido tamén docencias e obradoiros de promoción da lectura e da convivencia, e é autora de diversas publicacións sobre temas educativos, así como de diversas obras de literatura infantil e xuvenil.

Isabel Alonso Abalde y Pilar Pilarte Tardón (CEE Juan María)

Un blog para todos: O traballo coa prensa na aula como medio de inclusión.

O CEE Juan María leva anos utilizando a prensa como recurso para o traballo da comprensión e da expresión. Xa no curso 2007-2008 gañaron o premio *Experiencias didácticas coa prensa*. Co tempo, a combinación entre prensa e TIC levounos a crear o sitio Un blog para todos, que no 2015 gañou por unanimidade o concurso Prensa-escuela ao mellor blog de prensa. Ademais, para conseguir a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual no ano 2012 crearon **Reporteros en Red**, traballo que comparten a través dunha páxina web específica. Todo isto forma parte do proxecto: **Infórmate Fácil**. Para favorecer a accesibilidade cognitiva empregan como ferramenta fundamental a Lectura fácil.

Santiago López Gómez (Profesor da USC):

Procesos mentais na lectura e na escritura. Problemas e alteracións na lectoescritura

Doutor en psicoloxía e especialista en psicoloxía escolar e infantil e profesor e investigador en diversas universidades nacionais e internacionais. Actualmente imparte materias relacionadas coa lectoescritura e as dificultades de aprendizaxe na Facultade de Psicoloxía e na Facultade de Ciencias da Educación da USC. É autor de numerosas publicacións sobre o tema, ademais de participar en diferentes grupos de investigación e en actividades de formación en universidades.

Ramón Noche (profesor de CCSS no IES Os Rosais):

Lectura e escritura nas TICs. Estratexias e recursos

Profesor de Ciencias Sociais no IES Os Rosais 2, Ramón Noche adoita traballar coas TIC como recurso de aprendizaxe e de desenvolvemento de competencias coma a comunicación lingüística. Relator en cursos relacionadas coas ferramentas da web 2.0 e as súas posibilidades educativas (blogs, wikis, ferramentas google colaborativas, ...), así como no uso desas ferramentas baixo os parámetros das licenzas Creative Commons, e Titor a distancia en cursos de PLATEGA e ITE/INTEF sobre o tema. Autor xunto con Miguel Carricoba, do curso Xeacronos, dispoñible no repositorio ABALAR

Eulalia Agrelo Costas (Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra).

Da lectura á escrita: camiño de ida e volta

Graduada en Filoloxía Galego-Portuguesa, Eulalia Agrelo traballou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en diversos proxectos. Foi docente na Universidade de Deusto, na Universidade de Santiago de Compostela e en diferentes centros de ensino secundario de Galicia. Na actualidade exerce a docencia na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (Universidade de Vigo). É membro de varios grupos de investigación literaria, e participa regularmente en actividades relacionadas coa literatura infantil e xuvenil galega e sobre a literatura galega en xeral.

Carlos Negro (poeta e profesor de IES):

Métodos para romper paredes: versos que chocan contra algo

Carlos Negro. Licenciado en Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa, na actualidade exerce como docente no IES Plurilingüe de Ames, e é un recoñecido autor de poesía con varios premios no sea haber. Nos últimos anos vén desempeñando un continuo labor de achegamento da poesía ao público juvenil, a través de recitais e obradoiros en institutos de toda Galicia; visita con frecuencia os clubs de lectura escolares, establecendo un diálogo sen prexuízos con respecto á poesía.

Eulalia Agrelo Costas

Posta en común da fase non presencial